

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE AGOSTO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinteun de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO

1.- **LICENZAS URBANÍSTICAS.**- Acordouse conceder licenza para as seguintes actuacións: construción dunha vivenda unifamiliar illada que se vai situar na rúa Piñeiral Grande, número 18, sector Sur B, Areeiras-Louzaneta, polígono 2, parcela 11; cambio de uso de oficinas a vivenda na planta 2ª do edificio, coas licenzas números 762/04 e 563/13, sito na praza do Campo Castelo, número 16; e cambio de uso de local en baixocuberta a vivenda, no edificio construído coa licenza de obras número 921/04, sito na rúa do Pomar número 2.

Así mesmo acordouse excepcionar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de cambio de uso de 12 locais de uso administrativo a 12 vivendas en edificio existente, sito na rúa Mar Cantábrico, 14-18, Camiño de Pipín, número 71 e rúa das Fontes.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2.- **POLICÍA.**-- Acordouse aprobar o proxecto da Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

